

transferencias de crédito, exponse ao público a efectos de reclamacións durante 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da inserción no Boletín Oficial da Provincia, de acordo có disposto nos artigos 177 e 169 do RDLeg 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O Grove, 31 de Marzo de 2010.—O Alcalde, José Antonio Cacabelos. **2010003945**

## A N U N C I O

“Elevación automática a definitivo do acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 1/2010, por crédito extraordinario financiado con baixas doutros créditos”.

Rematado o prazo de exposición ao público do acordo plenario de data 25 de Xaneiro de 2010 de concesión de crédito extraordinario financiado con baixas doutros créditos non comprometidos, sen presentarse reclamacións, enténdese elevado a definitivo, conforme ao disposto nos artigos 177 en relación co 171 do texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

En cumprimento dos artigos 150.3 da citada lei faise público o resumo por capítulos do Estado de Ingresos e de gastos, afectados pola modificación.

### ESTADO DE GASTOS

CAP.	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL	CRÉDITO DEFINITIVO
6	INVERSIONS REAIS	1.690.865,75	1.690.865,75

O Grove, a 31 de marzo de 2010.—O Alcalde, José A. Cacabelos Rico. **2010003946**

## A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 29 de Marzo de 2010, o expediente de modificación de créditos nº3 dentro do actual orzamento de 2010, mediante a concesión de crédito extraordinario, exponse ao público a efectos de reclamacións durante 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da inserción no Boletín Oficial da Provincia, de acordo có disposto nos artigos 177 e 169 do RDLeg 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O Grove, a 31 de marzo de 2010.—O Alcalde, José A. Cacabelos Rico. **2010003947**

\* \* \*

## M A R Í N

### A N U N C I O

Por Resolución de Alcaldía de data 5 de abril de 2010, foi nomeada como persoal eventual dona Ángela Santos Beltrán, para o posto de Secretaria Particular da Alcaldía e Responsable de Comunicación, sendo as súas funcións as expresamente calificadas como de confianza, excluindo as reservadas os funcionarios de carreira, cunha retribución bruta equivalente á percibida polos funcionarios da Subescala Administrativa deste Concello, de conformidade coas previsións establecidas na plantilla presupostaria.

O que fai público para xeral coñecemento en cumprimento do disposto no art. 104.3 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réximen Local.

En Marín, a 5 de abril de 2010.—O Alcalde- Presidente, Francisco A. Veiga Soto. **2010003938**

\* \* \*

## M O A Ñ A

### A N U N C I O

Aprobada definitivamente polo Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo do presente ano, o Regulamento de Honores e Distincións do Concello do Concello de Moaña, logo de resolver as alegacións presentadas, queda redactado co seguinte tenor:

#### REGULAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MOAÑA PARA CONCEDER HONORES E DISTINCIONES

##### ARTIGO 1

Este Concello, ao abeiro da facultade que lle outorgan os artigos 303, 304 e 305 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais do 17 de maio de 1952, regula pola presente normativa especial canto afecta á concesión de honores e distincións por este.

##### ARTIGO 2

Para premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios obtidos ou presentados no terreo espiritual, científico, cultural, deportivo, artístico, político, económico, social e turístico, ou outros méritos equivalentes, créase a Medalla de Moaña en dúas categorías, de Ouro e Prata, respectivamente.

A preferencia para outorgar unha ou outra categoría da medalla creada no parágrafo antecedente, decidirse segundo a importancia dos méritos contraídos pola persoa proposta.

O Concello propondrá, así mesmo, o nomeamento de Fillos/as Predilectos/as e Adoptivos/as, de Rexedores/as Honorarios/as de Moaña e de Cronista Oficial do Concello atendendo aos méritos, calidades e singularidades de orde relevante que nas persoas interesadas concorran.

Considerarase igualmente un honor e distinción municipal regulado por esta normativa a atribución a persoas ou entidades do nome dunha rúa, praza, parque, xardín ou calquera tipo de instalación pública.

### ARTIGO 3

A forma, requisitos e procedementos para conceder os honores e distincións a que se refire o artigo precedente serán os seguintes:

1º) Toda distinción ou honor para ser concedidos deberán acreditarse mediante a instrución do correspondente expediente que poderá incoarse:

- a) De oficio, por acordo da maioría absoluta dos membros que compoñen a Corporación municipal.
- b) Por pedimento dun 20% das asociacións que funcionan legalmente no concello, segundo o Rexistro municipal de asociacións.
- c) Por solicitude de trescentos/as veciños/as residentes maiores de idade inscritos/as no correspondente Padrón municipal de habitantes.

2º) No acordo inicial ou nos escritos das entidades ou veciños/os a que se refire o número anterior, expresaranse concretamente os feitos ou circunstancias que deban ser obxecto do expediente, a persoa ou entidade que deba ser galardoada e a clase de honor ou distinción que se pretende que lle sexa concedida, con base nos merecementos contraídos para co Concello de Moaña.

3º) Na mesma sesión plenaria en que se acorde a incoación do expediente, designarase o membro da Corporación que deba actuar como xuíz instrutor e o funcionario ou funcionaria a quen se nomea para o cargo de secretario/a.

4º) Aos expedientes que se incoen con motivo de canto se prevé neste regulamento achegaranse cantos datos ou antecedentes posúa o propio Concello, en relación co obxecto con que os promovan, e practícaranse cantas dilixencias sexan precisas para que os feitos queden completamente acreditados.

5º) Finalizado o expediente, o xuíz instrutor formularalle ao Pleno do Concello a oportuna proposta sobre a concesión ou non da distinción ou honor solicitado, cuxa proposta se exporá ao público no taboleiros de anuncios do Concello polo prazo de quince días, durante o cal poderán cantos veciños e

veciñas maiores de idade e residentes o desexen examinar o expediente e presentar as reclamacións ou obxeccións que xulguen oportunas.

6º) Unha vez recibidas as reclamacións, trasladarase o expediente á Comisión Informativa de Cultura ou, no seu defecto, ao órgano designado especificamente para este fin. A Comisión emitirá informe sobre as reclamacións e ditaminará a proposta na que lle propondrá ao Pleno conceder ou denegar a distinción.

7º) A resolución que proceda será adoptada en sesión extraordinaria ad hoc que realice o Pleno do Concello, con votación secreta e quórum da maioría absoluta legal dos membros que integran a Corporación. A resolución favorábel a calquera das distincións requirirá o voto positivo das dúas terceiras partes do número de integrantes da Corporación municipal.

8º) A atribución de nome a rúas, prazas, parques, xardíns ou calquera tipo de instalación pública poderá realizarse igualmente en sesión ordinaria do Pleno do Concello. Será abondo para a súa concesión o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros da Corporación.

### ARTIGO 4

Se o Concello non resolverse calquera proposta de concesión de distinción dentro do prazo dun ano desde a data de inicio do expediente, entenderase que a Corporación desiste da continuación deste, e deberá reiniciarse de persistir a iniciativa.

### ARTIGO 5

O Concello de Moaña poderá revisar os seus acordos de concesión de distincións cando concorran causas que poidan modificar as apreciacións feitas no expediente que serviu de base ao nomeamento. A revisión será obrigada cando a persoa obxecto de distinción fose condenada en firme por un tribunal por motivos que entren en aberta contradición cos que apoiaron o outorgamento do honor. A revisión e anulación dos honores concedidos requirirá a tramitación dun expediente de iguais características ao que deu lugar á concesión.

### ARTIGO 6

A Medalla de Moaña á que se refire este regulamento poderá concederse non só a persoas individualmente consideradas, senón tamén a colectividade ou asociacións legalmente constituídas e na persoa dos seus lexítimos representantes. Esta medalla dá dereito á persoa que a posúa a utilizala en calquera acto público. Se fose unha colectividade

ou asociación, a colocala na súa bandeira, estandarte ou insignia.

#### ARTIGO 7

En todo caso, para que poida ser concedido o honor ou distinción de Fillo/a Predilecto/a de Moaña, será condición indispensable que a persoa a favor da cal se faga a oportuna proposta nacesse na localidade. A distinción de Fillo/a Adoptivo/a conferirase tan só aos naturais doutros concellos.

#### ARTIGO 8

O nomeamento de Rexedores/as Honorarios/as de Moaña reservarase exclusivamente a persoas que formasen parte das corporacións municipais, que desempeñasen outros cargos electivos ou destacasen en cargos de representación social ou veciñal. Este nomeamento non outorgará en ningún caso facultades para intervir no goberno ou na administración do Concello, pero habilitará para funcións representativas cando estas se exerzan fóra da demarcación territorial do municipio.

#### ARTIGO 9

O nomeamento de Cronista Oficial do Concello de Moaña só poderá concederse a persoas que contraian especiais méritos polos seus estudos de investigación e labores de difusión no campo da historia, arte, cultura e demais saberes humanísticos, con especial referencia ao noso concello. O título será vitalicio e non poderá posuílo simultaneamente máis dunha persoa.

#### ARTIGO 10

Os atributos ou documentos representativos dos honores ou distincións conferidas serán entregadas ás persoas interesadas polo Sr. alcalde-presidente en acto público solemne no salón de sesións da Casa do Concello e terán as lendas que se indican no anexo do presente regulamento. En todo caso, as medallas acreditativas incorporarán o escudo oficial de Moaña.

#### ARTIGO 11

Os documentos ou diplomas representativos a que se refire o artigo precedente serán custeados con cargo ao erario municipal. Admítese o custeamento por subscripción pública ou polas persoas ou entidades promotoras de honores e distincións.

#### ARTIGO 12

Non poderán adoptarse acordos que concedan honores e distincións a persoas que desempeñen altos postos na Administración e respecto das cales se encontra a Corporación municipal en relación subordinada, xerárquica, de función ou servizo, e en tanto subsistan estes motivos.

#### ARTIGO 13

Os honores e distincións conferidos polo Concello, materia deste regulamento, teñen carácter vitalicio puramente honorífico e non dan dereito a percibir mercé ou pensión ningunha por parte do municipio.

#### ARTIGO 14

As distincións conferidas polo Concello de acordo co preceptuado neste regulamento inscribíranse no Libro de honra de Moaña, mediante extracto detallado referente á persoa a quen se lle confire o honor ou distinción, a data da concesión e a clase de galardón e, ademais diso, cada distinción en particular cos datos sinalados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia no momento de concederse.

#### ARTIGO 15

As persoas agraciadas cos títulos, honores e distincións que regula esta regulamentación terán dereito a asistir a todos os actos que o Concello organice, agás a realización de sesións formando parte da Corporación, e a quen se conceder a Medalla de Ouro gozará dos honores iguais aos/ás señores/as concelleiros/as.

#### ARTIGO 16

A orde de preferencia e importancia das distincións ou honores concedidos por este Concello e aquí regulamentados é a seguinte:

- a) Medalla de Ouro,
- b) Medalla de Prata,
- c) Fillos/as Predilectos/as e Adoptivos/as,
- d) Rexedor/a Honorario/a,
- e) Cronista Oficial do Concello de Moaña,
- f) Atribución de nome de rúas, prazas, parques, xardíns ou calquera tipo de instalación pública.

### DISPOSICIÓNS FINAIS

#### PRIMEIRA

Quedan derogadas ao entrar en vigor este regulamento todas aquelas disposición, acordos e sistemas de procedemento adoptados pola Corporación municipal de Moaña que vaian en contra do aquí establecido. Porén, terán plena validez e eficacia os honores e distincións outorgados con anterioridade.

#### SEGUNDA

Este regulamento entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

**ANEXO I  
LEND A DO DIPLOMA PARA FILLOS/AS  
PREDILECTOS/AS**

A Ilma. Corporación municipal, interpretando o sentir da veciñanza de Moaña, hónrase en concederlle a D./Dna. .... o título de:

**FILLO/A PREDILECTO/A DE MOAÑA**

Como público recoñecemento en pro dos intereses espirituais e materiais do concello da súa nacemento.

Moaña, ..... de ..... de .....  
A Corporación municipal,  
O Alcalde.—O Secretario,  
Asdo.—Asdo.

**ANEXO II  
LEND A DO DIPLOMA PARA FILLOS/AS ADOPTIVOS/AS**

O Concello de Moaña, desexando que quede constancia do seu perenne agradecemento e interpretando o sentir da veciñanza, hónrase en concederlle a D./Dna ..... o título de

**FILLO/A ADOPTIVO/A DE MOAÑA**

Como público recoñecemento dos méritos contraídos coa súa conduta exemplar a prol dos intereses morais e materiais deste concello.

Moaña, ..... de ..... de .....  
A Corporación municipal,  
O Alcalde.—O Secretario,  
Asdo.—Asdo.

**ANEXO III  
LEND A DO DIPLOMA PARA REXEDORES/AS**

O Concello de Moaña, interpretando o sentir da súa veciñanza e en atención aos merecementos que ten contraídos a prol dos intereses morais e materiais deste municipio, hónrase en nomear a D./Dna. ....

**REXEDOR/A HONORARIO/A DESTE CONCELLO**

Moaña, ..... de ..... de .....  
A Corporación municipal,  
O Alcalde.—O Secretario,  
Asdo.—Asdo.

**ANEXO IV  
LEND A DO DIPLOMA PARA CRONISTA OFICIAL DE MOAÑA**

O Concello de Moaña, interpretando o sentir da súa veciñanza e en atención aos merecementos que ten contraídos polos seus estudos e traballos de divulgación sobre a nosa historia, cultura e patrimonio, hónrase en nomear a D./Dna. ....

**CRONISTA OFICIAL DO CONCELLO DE MOAÑA**

Moaña, ..... de ..... de .....

A Corporación municipal,  
O Alcalde.—O Secretario,  
Asdo.—Asdo.

**ANEXO V**

Modelo de placa distintiva do nome de rúas, prazas, parques, xardíns ou calquera tipo de instalación pública:

O existente.”

O que se fai público aos efectos establecidos nos artigos 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 196.2 do R.D. 2.568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Moaña, a 7 de abril de 2010.—O Alcalde, José Manuel Millán Otero. **2010004032**

\* \* \*

**MEAÑO**

**A N U N C I O**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 12 de abril de 2010, o expediente de modificación de crédito: Suplemento de créditos 1/2010 e créditos extraordinarios 1/2010 ao Orzamento Municipal 2010, financiados con cargo o remanente líquido de tesourería obtido da liquidación do Orzamento 2009, expone ao público, ó abeiro do artigo 169 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na máxima web do Concello de Meaño e no Taboleiro de Edictos do Concello por un período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación deste anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalo expediente e presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

O devandito expediente considerárase definitivamente aprobado de non presentarse reclamacións ao mesmo.

Meaño, 13 de abril de 2010.—A Primeira Tenente de alcalde, Lourdes Ucha Varela. **2010004202**

\* \* \*

**NIGRÁN**

**D E C R E T O**

*Dependencia: Oficina de recursos humanos*

Asunto: Aprobación bases reguladoras para a selección de doce prazas de auxiliar de policía local con carácter de persoal laboral temporal.